

Valentín L. Carvajal



C R O N O B I O G R A F Í A
DE
VALENTÍN LAMAS CARVAJAL

Afonso Vázquez-Monxardín

1 novembro 1849	Nace na rúa de San Cosme 27 (hoxe integrada en Hernán Cortés), fillo de María Manuela Carbajales, unha moza lucense, de quince anos de idade, e José Francisco Lamas, ourensán. Durante vinte anos usará o apelido da nai e, posteriormente, reducirá ao singular.
1851	Morre seu pai; a nai, embarazada e viúva con dezasete anos, terá graves problemas económicos. Seu tío, Pedro Carbajales, será o arrimo da nai adolescente e dos seus fillos.
1852	Nace seu irmán Silverio.
1855-62	Asiste á escola de don Antonio Agregán na rúa de Lepanto de Ourense, onde coñecerá á que había de ser a súa muller, importantísima na súa vida, Amalia Rosina Sánchez.
1863	Empeza uns irregulares estudos no Instituto de Ourense, que deberá interromper por problemas coa vista.
1868-70	Estuda no instituto onde ten como profesores a García Mosquera e Saco y Arce, e como compañeiro a Arturo Vázquez Núñez que será seu amigo e apoio toda a vida.
1870	É declarado inútil para o servizo militar por causa dos graves problemas de vista.
1871-74	Seica estuda medicina en Santiago, onde dirixirá, en 1871, <i>La Aurora de Galicia</i> , pero non dá rematado. Alterna as estadias en Santiago e Ourense, onde se estabiliza a partir de 1872



1872	Publica, en Santiago, os seus dous primeiros poemarios: <i>Flores de ayer</i> e <i>La monja de San Payo</i> .
1872	Publica, xa en Ourense, <i>El cancionero del Miño</i> .
1872	Ten a súa primeira filla, Augusta.
1873	Ten o seu primeiro fillo, Silverio
1 de xaneiro de 1874	Sae á rúa, en Ourense, o xornal <i>El Heraldo Gallego</i> onde Lamas colaborará desde o primeiro número, e onde incluírá os seus primeiros poemas galegos.
4 de xaneiro de 1874	Casa coa nai dos seus fillos e xa amor de infancia, Amalia Rosina Sánchez, quen se converterá nos seus ollos desde este ano en que xa está irreversiblemente cego. Con ela terá tamén nos anos seguintes varios fillos: Modesto, Oliverio – despois da morte do primoxénito, repite o nome - Valentina, Ángeles, Dolores e Rosina.
xullo 1874	Pasa a dirixir <i>El Heraldo Gallego</i> .
setembro 1874	Convértese en director e propietario de <i>El Heraldo Gallego</i> . Escribe unha oración fúnebre ao seu vello profesor e amigo Xosé García Mosquera, titulada “No cemiterio de Ourense” que será dita no enterro deste.
decembro 1874	Recibe como doazón dunha manda testamentaria para socorro de poetas pobres, 1500 reais, por medio da influencia do seu protector Modesto Fernández.
1875	Publica <i>Espiñas, follas e flores. Primeiro ramiño</i> , primeira obra publicada en galego despois dos <i>Cantares Gallegos</i> de Rosalía, de doce anos antes. Grande éxito popular, en dous meses ten que publicar a segunda edición.
xullo 1875	Morre o seu fillo Oliverio. Publica as súas <i>Cartas ós gallegos</i> , animando ao público a participar na Exposición Rexional que organiza a Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago
setembro 1875	É nomeado, xunto con Benito Vicetto e Manuel Pintos “socio de mérito” da sociedade Galicia Literaria que en Madrid integran, baixo o impulso de Teodosio Vesteiro Torres, Curros Enríquez, Francisco Añón, Arturo Vázquez Núñez, Novo García, e os irmáns Andrés e Jesús Muruais.
1875	Participa na comisión que festexa o 199 aniversario do nacemento do Padre Feijoo.
7 de febreiro de 1876	Sae á rúa <i>O Tío Marcos d’a Portela</i> , de comezo, xornal quincenario e pedra fundacional da prensa popular en lingua galega.
4 outubro 1876	Gaña a pluma de ouro que Modesto Fernández daba como premio ao concurso poético convocado por <i>El Heraldo Gallego</i> , coa súa composición “Amor de Nay”.
5 xaniero de 1877	Sae á rúa o quincenario <i>Intereses generales, ciencias literatura y arte</i> de <i>El Heraldo Gallego</i> Así, Lamas dirixe tres publicacións dsa que é dono: <i>El Heraldo Gallego</i> , <i>O Tío Marcos d’a Portela</i> e <i>Intereses Generales</i> . Públícase a terceira edición de <i>Espiñas...</i>

1878	<p>Intégranse como colaboradores en <i>El Heraldo Gallego</i>, os escritores Curros Enríquez, Jesús Muruais e Neira Cancela.</p> <p>A comezos de xullo sae a súa obra <i>Desde la reja. Cantos de un loco</i>.</p> <p>O 1 de agosto, Manuel Murguía dedícalle unha tremebunda crítica nas páxinas de <i>La ilustración de Galicia y Asturias</i>.</p> <p>O 21 de agosto o xornal <i>El Heraldo</i> faise diario.</p> <p>A prensa galega e madrileña ponse de parte de Lamas. Entre as plumas no seu favor está Ventura Ruíz Aguilera. Da parte de Murguía ponse, entre outros Eduardo Pondal que denuncia o "extraño interés en orensanizar a todo el resto de Galicia" de Lamas.</p> <p>Lamas contraataca acusando a Murguía de desagradecido coa prensa galega (á que cualificara de "estar escrita por cajistas") porque grazas ao seu traballo, conseguira a fama de que gozaba e as enormes subvencións para a publicación da súa <i>Historia de Galicia</i>.</p> <p>Murguía reitera as súas críticas a Lamas e acúsao de plaxiario da obra de Rosalía.</p>
xuño 1878	<p>Curros Enríquez, Neira Cancela, Cid Hermida, Vázquez Núñez, promoven a publicación do xornal <i>El Trabajo</i>, no que ha colaborar, maioritariamente sen asinar, Lamas.</p>
1880	<p>Publica o poemario <i>Saudades Gallegas</i>.</p> <p>Pecha, despois de problemas económicos contínuos, <i>El Heraldo Gallego</i>. Pecha tamén, por idéntico motivo <i>O Tío Marcos d'a Portela</i>.</p>
1880	<p>Sae á rúa o xornal <i>El Eco de Orense</i>, promovido polo deputado Vicente Pérez. Lamas colabora desde o primeiro número, e é o seu director Rodríguez Quiroga.</p>
1883	<p>Lamas Carvajal asume a dirección de <i>El Eco de Orense</i> e o 4 de novembro inicia a segunda etapa de <i>O Tío Marcos d'a Portela</i> que chegará ata 1889.</p>
1884	<p>Desde <i>O Tío Marcos...</i> ten un enfrontamento directo con Gabino Bugallal, á sazón gobernador de Ourense, e co caciquismo local. O alcade do Carballiño denuncia por lle ter chamado "burro".</p> <p>O gobernador imponlle multas tamén a <i>El Eco de Orense</i> e Lamas rexeita a colaboración económica dos liberais ourensáns a sinala que prefire a cadea que pagar as multas inxustas.</p>
1885	<p>No xuízo contra <i>O Tío Marcos...</i> o irmán de Valentín, Silverio, que se fixera responsable do escrito pois ía sen sinatura, é condenado por Mella Montenegro, o mesmo xuíz que condenara a Curros, a tres meses e un día de prisión. No tempo en que está na cadea, cambiará a cabeceira do xornal e aparecerá o campesiño na cadea tras unhas reixas.</p> <p>O seu amigo Curros considérao o primeiro poeta de Galicia.</p>
1887	<p>Publica <i>Gallegada. Tradicións, costumes, tipos e contos da terriña</i>, conxunto de dezanove narracións publicadas con anterioridade en <i>O Tío Marcos...</i>, coa intención explícita de contribuír ao nacemento da narrativa. Alí inclúe <i>Os graxos da Burga</i>, tida pola peza fundacional da literatura de temática urbana.</p>
1888	<p>A raíz da publicación de <i>O divino sainete</i> de Curros, e da crítica negativa por anticlerical que realiza Lamas n' <i>O Tío Marcos...</i> interromperon as súas relacións de amizade.</p> <p>Publica, en sete entregas no seu xornal galego, <i>O catecismo do labrego</i>, que reunido en libro ao ano seguinte, axiña se converte no maior éxito editorial popular en galego de todos os tempos.</p>
1889	<p>A finais de ano, desaparece, definitivamente baixo a súa dirección, <i>O Tío Marcos d'a Portela</i>, despois de ter contado cos mellores escritores do momento, xa en artigos exclusivos, xa en colaboracións aparecidas tamén noutros lugares. Entre as sinaturas desta etapa están Pérez Placer, Gracia Ferreiro, Alfredo Brañas, Amor Pondal, Lúgrís Freire, Pérez Ballesteros, etc.</p>



1892	O 1 de agosto <i>El Eco de Orense</i> pasará a ser diario, baixo a dirección de Lamas, e converterase na súa plataforma de polémicas e denuncias contra os caciques e os outros xornais da cidade auriense.
1893	Burla iniciais de Lamas ás <i>Juntas de Defensa</i> que se constitúen nas cidades de Galicia para tratar de impedir que a capitanía xeral militar pasase da Coruña a León. Porén, acabará formando parte da xunta ourensá. Polémica de Lamas, desde <i>El Eco de Orense</i> e Alberto García Ferreiro, desde <i>El Derecho</i> , a propósito da organización dos actos e a construción da estatua de Concepción Arenal. O día 1 de outubro morre seu irmán Silverio Dionisio. Polémica con Heraclio Pérez Placer pola idea deste de promover un libro colectivo cuxos beneficios irían á Cruz Vermella.
1900	Constitución do Circulo Católico de Obreros, que Lamas apoiará como socio protector.
25 de decembro de 1901	Ás nove e media da noite, cando se dispuña a comezar a cea de Noiteboa, sofre un atentado: unha bomba estoupa no portal da súa casa, na Rúa de Alba, onde tamén están situados os talleres de <i>El Eco de Orense</i> .
9 de febreiro de 1903	Lamas Carvajal recita uns versos na honra de Alberto García Ferreiro, ao pórle unha placa na súa casa natal de Ourense, no primeiro aniversario da súa morte.
1905	Nomeado socio fundador da Real Academia Galega.
29 de agosto de 1906	Dita a Rey Soto unha carta que dirixe a Basilio Álvarez na que amosa unha grande serenidade ante a morte e na que amosa un fino humorismo ao falar da súa próxima entrada na Academia dos mortos.
4 de setembro de 1906	Morre e é enterrado en San Francisco.
4 de setembro de 1907	<i>El Eco de Orense</i> publica un número especial con ocasión do aniversario da morte, con artigos solicitados pola viúva do escritor. Colaboran, Murguía, Filomena Dato, Marcelo Macías entre outros.
24 de xullo de 1909	Feijoo Rivera solicita o nome de Lamas Carvajal para unha rúa (aproveitando que se solicita para Curros recén morto)
1 de novembro de 1916	A <i>Hirmandá d'a fala gallega</i> de Ourense, con Xavier Prado Lameiro e Ameixeiras á cabeza, organizan unha homenaxe a Lamas no Cemiterio de San Francisco como primeiro acto público da <i>Hirmandá</i> en Ourense.
1 de novembro de 1917	A cidade réndelle homenaxe pública nun acto ante a súa tumba en San Francisco, en acto organizado pola <i>Hirmandá d'a fala gallega</i> e polo renacido xornal <i>O Tío Marcos da Portela</i> . A dicir da prensa, asisten vinte mil persoas.
1918, 31 de maio	Érguese un monumento a Lamas Carvajal no Posío, obra do marmorista Piñeiro. Inaugura Filomena Dato e están presentes os homes das Irmandades, Vicente Risco, Losada Dieguez, etc. xunto coa <i>Liga de Amigos</i> organizadora dos actos e ligada aos homes que retomaran a publicación d' <i>O tío Marcos da Portela</i> e as autoridades cívicas, militares e relixiosas e todas as agrupacións políticas e recreativas de Ourense. O día 30 de maio <i>La Región</i> publica un conxunto de colaboracións sobre o evento e ao día seguinte <i>O Tío Marcos da Portela</i> dedícalle un número especial.

Valentín L. Carvajal



1925, 16 de xuño	No medio de grandes festexos populares, inaugúranse as placas en tres rúas da cidade: Curros Enríquez, Avenida da Habana e Valentín Lamas Carvajal. Nesta última, dirixe a palabra aos presentes, o director do xornal <i>La Región</i> , Marcial Ginzo Soto.
1949 No mes de novembro, actividades na cidade ao redor de Lamas.	Centenario do nacemento de Valentín Lamas Carvajal. En Bos Aires, unha comisión das sociedades ourensáns, organiza varias homenaxes que xiran ao redor da entrega ao Centro Ourense dun busto de Domingo Maza, da edición dunha <i>Antoloxía, verso e prosa</i> , preparada por Eduardo Blanco Amor, e de actos folclóricos nas sociedades ourensáns e no Teatro Avenida. En Ourense, unha comisión cidadá impulsada polo seu biógrafo José Fernández Gallego e da que é secretario Alfonso Vázquez Martínez, organiza unha serie de actividades (concursos, conferencias, etc.), érguese un novo monumento a Lamas no Xardín do Posío, aproveitando un busto de Pascual nos fundidos nos talleres de Malingre e que está no Concello e engadíndolle dúas figuras de Francisco de Asorey, representando “unha moza gallega” e “O Tío Marcos da Portela”. Os actos da Comisión, contan co apoio, mesmo económico, dos galegos de Cuba e do Centro Gallego de Bos Aires. Nos actos de Ourense participan con conferencias ou escritos, Filgueira Valverde, Celso Emilio Ferreiro, Vicente Risco, Florentino Cuevillas, Francisco Fernández del Riego, entre outros moitos galeguistas. Otero Pedrayo, con ocasión da inauguración do monumento a Lamas Carvajal no Xardín do Posío, o día 11 de novembro, utiliza por primeira vez o galego nun acto público despois da guerra. A prensa galega publica neste día varias colaboracións sobre o centenario.
1967	Publícase como primeiro número da colección “O moucho” das Edicións Castrelos de Vigo, un facsímile popular de primeira edición do <i>Catecismo do labrego</i> que terá inmenso éxito popular e recuperará a memoria do libro.
1972	A Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras Galegas, que publica unha pequena antoloxía poética cunha introdución de Otero e un epílogo de Carballo Calero. Ofrenda de Ramón Otero Pedrayo diante do monumento do Xardín do Posío e acto central da Real Academia Galega en Ourense. Eduardo Blanco Amor, pronuncia tamén varias conferencias, unha delas no Liceo o propio día 17 de maio, que xunto cunha serie de artigos en <i>La Región</i> , nos días seguintes, ofrecerán unha visión máis crítica que a dos actos oficiais. Tamén se celebran modestos actos no Centro Ourense de Bos Aires, onde se escoita a voz de Otero falando de Lamas, gravada ao efecto polo xornalista Fernando Ramos.
1990	Publicación de <i>O Catecismo do labrego e outras prosas</i> , con estudo introductorio de Victoria A. Ruiz de Ojeda, na colección Biblioteca das Letras Galegas de Edicións Xerais.
1996	A Asociación Socio-pedagóxica galega publica <i>Obra literaria e xornalística. Antoloxía. Valentín Lamas Carvajal</i> , en edición de Pilar García Negro, Anxo Gómez e Mercedes Queizás.
1998	Edición do Castro publica a <i>Poesía galega</i> , de Lamas Carvajal, edición da súa poesía completa preparada pola profesora Pilar García Negro (530 páxinas).
1999 (21 e 22 novembro)	Xornadas sobre Lamas Carvajal en Ourense, no 150 aniversario do seu nacemento, organizadas pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia.
2002	Nova edición de <i>O Catecismo do Labrego</i> na Biblioteca Galega 120 de “La Voz de Galicia”.
2004	O Centro Ramón Piñeiro publica <i>Gallegada e outros textos en prosa de Valentín Lamas Carvajal</i> da autoría de Rafael Adán Rodríguez, dentro da colección Narrativa Recuperada.
2006	O Centro de Cultura Popular Xoaquín Lorenzo da Deputación de Ourense, e a Real Academia Galega celebran en Ourense o centenario da morte de don Valentín Lamas Carvajal.